



Servizo de Patrimonio e Contratación

Sección de Patrimonio

Expediente: 2025000057261

Trámite: Publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo

Asunto: Afectación das expropiacións ás aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arteixo

Obra: Expediente: 2025000021097 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 0503, BORDEIRAS AO PORTO DE SUEVOS, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+000 AO 2+100 (ARTEIXO)

O Pleno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o pasado 28 de marzo do 2025 aprobou o proxecto Mellora da seguridade viaria na estrada DP 0503, Bordeiras ao Porto de Suevos, punto quilométrico 1+000 ao 2+100 (ARTEIXO) plan de investimentos en vías provinciais 2025.

Para o seu desenvolvemento cómpre executar diversas expropiacións, polo que por Resolución número 17105 de 9 de abril de 2025 o Presidente da Deputación encomendou os traballos necesarios para levar a cabo os expedientes de expropiación da citada obra.

Efectuada a oportuna tramitación técnica, púxose de manifesto que unha parte das expropiacións necesarias afectan a solo urbano mais aló das aliñacións fixadas polo plan urbanístico. O Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña emitiu o pasado 27 de novembro de 2025 informe xustificativo da necesidade de executar o proxecto nos termos inicialmente aprobados, para poder dotar dunha axeitada seguridade viaria á estrada DP 0503 ao seu paso polo núcleo de Suevos, onde a plataforma da estrada é moi estreita e non existen beirarrúas ou sendas que permitan unha circulación segura dos peóns.

O artigo 21 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia define como modificacións substanciais de estradas existentes todas aquelas que afecten de maneira significativa ao plan urbanístico municipal e establece que deberán ser sometidas aos trámites de informe das Administracións afectadas e información pública previstos na citada lei.

Para o caso dos tramos urbanos, a lei considera que existe modificación substancial cando as obras se executen fora dos terreos de dominio publico viario ou dos

comprendidos entre este e as aliñacións sinaladas no correspondente instrumento de planificación urbanística.

O citado artigo 21 sinala que o trámite de información pública levarase a cabo durante un prazo mínimo de 30 días hábiles, mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios dos concellos afectados e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de maior difusión no ámbito da actuación.

Polo anteriormente exposto, sométese a presente actuación ao trámite de información pública mediante a exposición do presente escrito no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo por un prazo mínimo de trinta días hábiles.

As persoas interesadas poderán consultar o proxecto no seguinte enlace:

<https://nube.dacoruna.gal/index.php/s/mTQxbz3gNM9ztPR>

As alegacións que se presenten neste procedemento deberán dirixirse á Deputación da Coruña, Servizo de Vías e Obras, e deberán versar sobre a concepción global do trazado.

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación

(sinatura e data dixital)